

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN EN APOIO ÁS DEMANDAS DO PERSOAL E DOS USUARIOS E USUARIAS DO CAMF

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción en apoio ás demandas do persoal e dos usuarios e usuarias do CAMF.

Exposición de motivos

A Asociación de Persoas Residentes do CAMF de Ferrol (ACAFE) e o Comité de Empresa do persoal laboral da Administración xeral do estado (AXE) levan anos demandando unha mellora das instalacións do centro e a dotación de máis persoal para poder ofrecer un servizo de digno e de calidade para os usuarios e usuarias.

O CAMF de Ferrol é un centro de atención e residencia dirixido a persoas con diversidade funcional que depende do IMSERSO e que da servizo a toda a bisbarra de Ferrol e tamén a outras zonas e provincias de Galicia. Entre as súas actividades están as de a atención socio-sanitaria e residencia permanente de persoas con grandes dependencias, e que precisan de axuda para realizar case todas as actividades da vida cotiá, e en moitas ocasións carecen de medios ou apoios para acceder a outro tipo de recursos.

As persoas que empregan estes servizos, as súas familias, o tecido asociativo, as institucións, grupos políticos e o comité de empresa do centro levamos anos reclamando melloras na provisión de recursos humanos, de medios técnicos e das instalacións para garantir unha atención de calidade. Neste sentido destacamos as seguintes observacións:

- O volume de contratación temporal, máis de 1000 contratos temporais ó ano, é unha anomalía que pon de manifesto un déficit estrutural de persoal, que en nada beneficia a unha atención tan especializada como a prestada neste centro. Esta situación produce unha enorme precariedade sobre as traballadoras que acceden a estes contratos e unha rotación de persoal que non parece moi recomendable para esta actividade.
- As traballadoras do centro están realizando un enorme esforzo para que as circunstancias derivadas da pandemia da COVID, e a perda de efectivos destes últimos anos, non afecten á atención ás persoas que utilizan estes servizos. Pero nas actuais circunstancias existen demandas relacionadas coa perda de determinados servizos ou o empeoramento doutros.
- A infraestrutura do centro ten máis de 30 anos, en todo este tempo non se acometeu ningunha reforma integral que adapte as instalación ó que tería que ser un centro adaptado ás actuais exixencias precisas para un servizo tan especializado. Ademais, dada a antigüidade do edificio, serían precisas reformas para adaptalo ós novos estándares de confort e eficiencia enerxética nos que as Administracións Públicas deberían ser exemplares.

Por todo isto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno do Estado a cubrir de xeito inmediato o elevado número de postos vacantes existentes no cadro de persoal do centro.
2. Instar ao Goberno do Estado para dotar ó CAMF dos postos de traballo fixos precisos para reducir o máximo posible a utilización da contratación temporal.
3. Instar ao Goberno do Estado a acometer as reformas precisas para renovar as infraestruturas e medios técnicos, de xeito que as instalacións se adapten ós estándares dun centro de atención máis moderno.

Ferrol, 23 de maio de 2022

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común